

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



MARCELA GRACIA E ELISA SÁNCHEZ

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

Foron unhas mestras galegas que protagonizaron o primeiro casamento entre mulleres o 8 de xuño de 1901 na Coruña.

Para poder realizar esta unión

Elisa tivo que adoptar unha identidade

masculina e así enganar o párroco que debía oficiar o casamento.

Naquel tempo, a unión entre persoas do mesmo sexo estaba prohibida e perseguida pola lei. Cando se descubriu a súa identidade perderon o seu emprego e tiveron que fuxir, primeiro a Portugal e logo á Argentina, para vivir unha vida chea de penurias, aventuras, xuízos e mesmo cárcere; nada disto puido co amor que estas mulleres sentían.

E ti, queres saber máis?

Sabías que
o matrimonio
entre persoas
do mesmo sexo
é legal en España dende
o 3 de xullo de 2005?

MULLERES GALEGAS

aprende

A loita pola igualdade é un camiño de longo percorrido no que Marcela e Elisa foron pioneiras, mais, aínda a día de hoxe, hai moitos lugares onde a unión de persoas do mesmo sexo está perseguida co cárcere, con multas e, nalgúns estados, incluso coa pena de morte.

Achegamos a listaxe dos estados onde está permitida a unión entre persoas do mesmo sexo:




Alemaña, Arxentina, Australia, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Colombia, Costa Rica, Dinamarca, Ecuador, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Luxemburgo, Malta, México, Noruega, Nova Zelandia, Países Baixos, Portugal, Reino Unido, Suráfrica, Suecia, Suíza, Taiwán e Uruguai.

Son 30 países. Se no mundo hai 195 estados...
aínda queda moito traballo por facer.

Colorea estas
mulleres
e debuxa
e decora a súa
casa

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que no ano 1061, en Ordes (Rairiz de Veiga, na comarca da Limia), tamén houbo unha voda entre homes, sendo o primeiro casamento homosexual de España e un dos primeiros de Europa?

MULLERES GALEGAS

escribe

A historia de amor entre Elisa e Marcela está chea de aventuras e de emocións, e foi motivo de inspiración para diferentes expresións artísticas que podedes desfrutar: unha película, unha obra de teatro, libros e unha banda deseñada.

Dálle ao miolo e escribe unha carta imaxinaria ás autoridades da época de Elisa e Marcela para intentar cambiar a lei que prohibía as unións entre persoas do mesmo sexo.



A bandeira do Arco da Vella simboliza a diversidade afectiva que temos as persoas, e tamén o orgullo de poder vivir en liberdade cadaquén coa súa propia identidade sexual

MULLERES GALEGAS

pinta

Investiga: Cando se creou? Que representa?
Colle unhas cores e ponte a pintar as franxas
coas cores do Arco da Vella.

A historia de amor de Elisa e Marcela amosa que non hai un único tipo de familia senón que, pola contra, pode haber moitos tipos.

MULLERES GALEGAS

debuxa

Fai un debuxo dos integrantes da tua familia e logo coloréao. Para rematar, podes coller unhas tesoiras e facer un recortable.

Compara o teu debuxo con outras amizades. Seguro que cadaquén ten unha familia única e distinta e que todas están cheas de amor.

O mundo é fermoso porque é diverso.

Comproba a túa
bandeira do Arco da Vella

MULLERES
GALEGAS

soluciona

pinta

vermello

laranja

amarelo

verde

azul

violeta